

ORDENANZA MUNICIPAL DE RECOLLIDA DE LIXO

DISPOSICIÓN XERAIS:

Artigo 1º.-Esta Ordenanza tén por obxecto regular, dentro da esfera da competencia municipal, as seguintes actividades:

- a) Recollida de refugallos e residuos sólidos urbáns e industriais, con utilización de recipientes normalizados.
- b) Recollidas especiais de produtos diversos.
- c) Vertedeiros e instalacións de transformación ou eliminación dos Resíduos Sólidos urbáns e industriais.

Artigo 2º.- Nos supostos non regulados na presente ordenanza, pero que polas súas características ou circunstancias poideran ficar comprendidas no seu ámbito de aplicación, serán aplicadas, por analogía, as normas da mesma que garden similitude co caso contemplado.

FINCAS, VIVENDAS E ESTABLECEMENTOS

Sección Primeira.-Recollida de Resíduos Sólidos Urbáns.

Artigo 3º.-A recollida de residuos sólidos, estableceráse pola Delegación Municipal do Servicio de Limpezas coa frecuencia que estime oportuna e a hora que determine. Todo troque de horario e frecuencia faráse público con antelación dabondo.

Artigo 4º.-Da entrega dos residuos sólidos faráse cargo o persoal adicado a mesma e quen o entregue a calquer outra persoa física ou xurídica responderá solidariamente con ésta por calquer prexuízo que se produza por causa daqueles, independentemente das sancións a que houbera lugar.

Artigo 5º.-Ningunha persoa física ou xurídica poderá adicarse a recollida e aproveitamento dos residuos, salvo as que posúan a correspondente licenza municipal.

Artigo 6º.-Ningún tipo de residuos sólidos poderá ser evacuado pola rede de alcantarillado. Prohíbese a instalación de trituradores domésticos ou industriais que polas súas características evacúen produtos triturados a rede de saneamento.

Sección segunda.-Recipientes normalizados.

Artigo 7º.-É de uso obrigatoria a utilización de contenedores pechados para a evacuación dos residuos sólidos urbáns. Os residuos sólidos urbáns depositaránse non contenedores dentro de bolsas especiais para ese uso totalmente pechadas.

Sección terceira.-Xeitos de recollida dos Resíduos Sólidos.

Artigo 8º.-O persoal do vehículo colector, valeirá o contido dos contenedores no camiión e depositaráos valeiros onde se atopaban, non correspondéndolles polo tanto, ningunha manipulación dos residuos nin dos contenedores dentro de ningunha finca de propiedade pública ou privada.

Artigo 9º.-Os contenedores normalizados ubicaránse na vía pública, a veira da calzada, nos lugares que sinala a Delegación de Limpeza.

Utilizar recipientes distintos ós autorizados, será sancionado polos axentes da autoridade coas multas que se establezan na presente Ordenanza.

Artigo 10º.-Nos lugares, aldeas ou barrios con rúas interiores que non permitan a circulación rodada, e polo tanto, non poida pasar o vehículo de recollida de residuos, os veci~~os~~^{as}, ou propietarios das fincas, trasladarán cos seus propios medios os residuos sólidos ó contenedor

mais cercano, dacordo co estipulado na presente ordenanza.

Artigo 11º.-Cando os resíduos sólidos urbáns pola súa natureza e a xuizo do Delegado de Limpeza poideran presentar características que os fagan tóxicos ou perigosos, esixirase ó produtor ou posuidor dos mesmos, que previamente a súa recollida, realice un tratamento para eliminar ou reducir no posible estas características ou que os deposite de xeito ou en lugares axeitados.

Artigo 12º.-Os establecementos ou locais públicos ou privados nos que se produzan cantidades considerables de resíduos sólidos, poderán ser autorizados ó transporte dos mesmos, cos seus propios medios, ós puntos de eliminación que lle indique a Delegación do Servicio de Limpeza, utilizando recipientes ou dispositivos especiais que cumplan as presentes Ordenanzas.

O Concello ou Sociedade Concesionaria do Servicio poderá pasar o correspondente cargo pola eliminación ou transformación dos resíduos.

Artigo 13º.-Si unha entidade pública ou privada, a que habitualmente se lle ven retirando unha cantidade concreta e específica de resíduos sólidos, tivera por calquera causa que desprenderse de resíduos sólidos poderá sacalos conxuntamente cos resíduos habituais. Nembregantes poderá solicitar a súa retirada ó Servicio de Limpeza, o cal realizará o servico, e polo que pasará o portuno cargo.

Sección coarta.-Recollidas Especiais.

Artigo 14º.-Fica terminantemente prohibido depositar nos contenedores normalizados os refugallos procedentes de calquer clase de obras, en cantidade maior ós trinta litros ou decímetros cúbicos.

Artigo 15º.-Non obstante os refugallos procedentes de obras que rebasen os trinta litros ou decímetros cúbicos poderán ser retirados polo Servicio de Limpeza previa petición do interesado. Esta recollida efectuaráse dentro dun prazo de ste días dende a súa petición. Unha vez realizado o servico pasaráse o cargo correspondente.

RECOLLIDA DE MOBLES, ENSERES E TRASTOS INÚTILES.

Artigo 16º.-as persoas que desexen desprenderse de mobles, enseres ou trastos inútiles de gra volumen, poderano facer a través do Servicio de Limpeza, previa petición dos interesados e polo que pasarase o oportuno cargo.

VERTEDEIROS

Artigo 17º.-Prohíbese depositar refugallos e toda clase de resíduos sólidos urbans, en terreos ou zoas que non estén autorizados polo Concello, provistos da oportuna licencia ou autorización municipal de depósito ou vertedoiro, sendo responsabeis do incumprimento as persoas que o realicen, e no caso de seren transportados con vehículos, os propietarios destes.

RÉXIMEN XURÍDICO

Sección Primeira.-Procedementos sancionadores.

Artigo 18º.- O procedemento iniciarase de oficio pola propia Administración Municipal, en virtude da función inspectora e de comprobación, propia da súa competencia, ou instancia de parte mediante a oportuna denuncia.

No non previsto nesta Ordenanza, estarás ó disposto na Lei de Procedemento Administrativo e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais.

Artigo 19º.-Comprobado o incumprimento do disposto na presente Ordenanza, o funcionario actuante formulará a oportuna denuncia. A vista das actuacións practicadas, o Delegado de Limpeza propo~~rá~~á as medidas correctoras que procedan, resolvéndose a procedente, previa audiencia do interesado, polo término de dez días.

Artigo 20º.-Toda persoa natural ou xerídica poderá denunciar anto o concello calquer ingracción da presente Ordenanza. De resultar temerariamente inxustificada a denuncia, serán de cargo do denunciante os gastos que orixine a inspección.

Sección segunda.-Infraccións e Sancións.

Artigo 21º.-As infraccións ós preceptos desta Ordenanza serán sancionados pola Alcaldía -Presidencia directamente ou pola súa Delegación, polo Delegado de Limpeza, que instruirá os oportunos expedientes.

Artigo 22º.-As sancións aplicables a ditas infraccións, serán, as que figuran na táboa anexa a esta Ordenanza.

Na aplicación de sancións atenderáse ó grao de culpabilidade, entidade da falta cometida, perigosidade que implique a ingracción, reincidencia ou reiteración e demais circunstancias atenuantes ou agravantes que concurran.

Artigo 23º.-1. Considéranse infraccións leves:

a) Tirar desperdicios na vía pública, zoas comúns, zoas verdes, etc. de dominio privado.
b) En relación cos contenedores, utilizar outros distintos ós autorizados, sacar lixo que os desborden.

c) Presentar as escorias e cinsa dos xeneradores de calor así como os resíduos sólidos sin cumprir os requisitos a que fai referencia o artigo sete.

2. Considéranse infraccións graves:

a) A reincidencia en ingraccións leves.
b) Usar indebidamente ou danar os recipientes herméticos subministrados polo Concello.
c) Abandonar mobles ou enseres na vía ou espazos públicos.
d) Abandonar cadáveres de animais ou a súa inhumación en terreos de dominio público.

3. Considéranse infraccións moi graves:

a) A reincidencia en faltas graves
b) Adicarse a recollida, transporte ou aproveitamento de resíduos sin a debida autorización ou entregalos a que te ~~1/2~~ tal adicación.

c) Carecer do Libro Rexistro de resíduos industriais así como o verquido incontrolado destes.

d) Non proporcionar información ó Concello sobor da orixen, cantidade e características dos resíduos que poidan producir transtorno no transporte ou tratamento, así como proporcionar datos falsos ou impedir e obstruir a laboura inspectora nos supostos de resíduos industriais.

ANEXO.-Taboa de Sancións.

1.-Sin prexuízo de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter civil ou penal correspondentes, as infraccións ós preceptos da presente Ordenanza, serán sancionadas do xeito seguinte:

a) Infraccións leves: Multa de ata 10.000 ptas.
b) Infraccións graves: Multa de 10.0001 a 15.000 ptas.
c) Infraccións moi graves: Multa de 15.001 a 25.000 ptas.

2. Nos supostos de reincidencia a infracción moi grave, ó órgano competente poderá impo ~~1/2~~ as sancións previstas na Lei 42/1975, do 19 de novembro, “sobre desechos y resíduos sólidos urbanos”.

3. Considerarase reincidente quen incorrera en ingracción das mesmas materias nos doce meses derradeiros.